



***contigo, Galiza decide !***

[www.bng-galiza.org](http://www.bng-galiza.org)

## **INFORMACIÓN EMBARGADA ATÉ AS 20.30 H**

### **IAGO TABARÉS APOSTA POR CONSTRUIR UN ESTADO MÁIS XUSTO NO SOCIAL E RESPEITUOSO COS POBOS FRONTE Á CONFRONTACIÓN QUE ESTÁ A CARACTERIZAR ESTA CAMPAÑA**

**O candidato nacionalista salienta o BNG como o único que está centrando o debate con propostas "serias" e "constructivas" fronte ás mensaxes "apocalípticas" e ás "tómbolas"**

**A Bola, 15 Febreiro 08.-** O candidato do BNG ao Congreso pola provincia de Ourense, Iago Tabarés, apostou hoxe por traballar para construír un estado "máis xusto" no social e "respeitoso cos Pobos" fronte ás mensaxes "apocalípticas" e "negativas" que están a caracterizar o desenvolvemento desta campaña.

Tabarés, nun acto público en A Bola, lamentou que representantes do PP, como Alberto Núñez Feijoo, se estean a plantexar a validez dos "debates identitarios", toda vez que mentres eles gobernaban, ironizou, "se afanaron por colocar a bandeira española máis grande en Colón" e agora as súas preocupacións son que o Himno de España teña letra e "perseguir" e "atacar" as galescolas e o dereito a "vivir como galegos e en galego".

O candidato nacionalista reiterou que se para Núñez Feijoo os debates identitarios son do século XIX é porque el "aínda está no XVIII, antes da Revolución Francesa" e apelou á dupla utilidade do voto ao BNG, para pór enriba da mesa os intereses de Galiza e de Ourense, mais tamén para frear a involución social que pretende introducir a dereita máis retrógrada e reaccionaria que está protagonizando estas eleccións.

Para Tabarés, o BNG é o único que está asumindo a responsabilidade de centrar o debate en propostas "serias" e "constructivas", fronte aos "agoreiros" e ás "tómbolas" nas que ou se receitan "reparto de cheques" ou "rebaixas fiscais" que, segundo todos os expertos económicos, van implicar un custe non inferior aos trinta mil millóns, "así que o PP eu creo que máis que falarnos de ideas claras debería ter como lema ideas caras", ironizou.

Para Tabarés, o que cómpre, sen embargo, é invertir no social, de tal xeito que España deixe de ocupar o penúltimo sitio dos 15 na zona euro en investimento nesta materia.

Asemade, o candidato do BNG comprometeuse a traballar para que o 10 por cento desa inversión por parte do Estado veña para Galiza, de tal xeito que se

teña en conta nos criterios de reparto a dispersión e o envellecemento da poboacións, características propias do País.